

Uribe imita a Chávez

Roberto Mansilla (Vieiros, 30/03/2009)

De cara ás eleccións presidenciais de 2010 en Colombia, un aspecto clave parece concentrar as enerxías do presidente Álvaro Uribe Vélez. A convocatoria dun referendo que lle permita modificar a Constitución para presentarse por segunda vez a unha reelección e a un terceiro mandato presidencial será, con total probabilidade, a gran prioridade política de Uribe para os próximos meses.

Estímase que a opción de referendo será aprobada tanto no Congreso como no Senado, o cal permitirá a Uribe sopesar con optimismo o panorama político alén do 2010. A súa popularidade segue rexistrando altos niveis de aceptación, aparentemente sen estar afectado polo escándalo financeiro das “pirámides” bancarias de finais de 2008 e determinados casos relativos á “parapolítica” que salpican ao seu goberno.

Dentro da gobernante plataforma política da “U”, increméntase a necesidade de contar con Uribe como candidato presidencial en 2010, consolidando unha unidade interna que sepulte posibles rivalidades políticas que fragmentarían a coalición de partidos que forman parte do oficialismo “uribista”. Caso contrario do opositor Polo Democrático, desgastado por divisiones internas e escándalos de corrupción.

Con este contexto, Uribe repite o exemplo do seu veciño venezolano Hugo Chávez de convocar a un referendo de emenda constitucional para a reelección indefinida de cargos públicos. En Venezuela, este referendo celebrouse o pasado 15 de febreiro, gañando Chávez con más do 54% dos votos.

Uribe e Chávez preséntanse como os únicos factores insustituíbles e unificadores das súas respectivas plataformas, elemento que confirma a permanente natureza personalista e, incluso, mesiánica, que ambos encarnan. Non obstante, se ben no seu momento a opinión pública internacional espallou fortes ataques cara Chávez pola súa presunta vontade de manterse indefinidamente no poder, apreciase unha óptica diferente no caso de Uribe. A ausencia mediática de críticas cara Uribe reforzan as súas aspiracións.

A dinámica da reelección, definida no caso venezolano pola vía do referendo popular, parece percorrer o ámbito latinoamericano. O presidente nicaraguano Daniel Ortega anunciou a súa vontade de contar co apoio parlamentario para modificar a Constitución e presentarse a un novo período presidencial no 2011. Paralelamente, o mandatario hondureño Manuel Zelaya, tamén anunciou a convocatoria dun referendo para o próximo mes de xuño que permita convocar a unha asemblea constituínte para reformar a Constitución e poder así presentar a súa candidatura de reelección a finais de 2009.

Dentro do contexto andino, os procesos constituíntes en Bolivia e Ecuador, calcados das experiencias vividas en Venezuela desde 1999, están dando paso a próximas citas electorais presidenciais que confirmarián as posibilidades de reelección e lexitimación presidencial dos seus respectivos mandatarios Evo Morales e Rafael Correa.



Uribe (na foto) repite o exemplo do seu veciño venezolano Hugo Chávez de convocar a un referendo de emenda constitucional para a reelección indefinida de cargos públicos. En Venezuela, este referendo celebrouse o pasado 15 de febreiro, gañando Chávez con más do 54% dos votos.

Estes casos confirman a tendencia de acometer a reelección presidencial como elemento que permita manter a vixencia de determinados proxectos políticos en América Latina. Só resta considerar se esta fórmula electoral non afondará mecanismos de personalismo político que afecten á consolidación dos sistemas democráticos latinoamericanos.

Roberto Mansilla Blanco, analista do Igadi.

29/03/2009 (c) Igadi, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, www.igadi.org
http://www.igadi.org/artigos/2009/rm_uribe_imita_a_chavez.htm